

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013338	CEIP Antonio Insua Bermúdez	Vilalba	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurarase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Temos que ter en conta que a dito grupo pertencen diversos alumnos/as NEAE que poden necesitar a adaptación dalgunha actividade que se leve a cabo neste proxecto.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As tres "R"	Nesta unidade introduciremos os conceptos das tres "R"(reciclar, reutilizar e reducir),	34	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As tres "R"	buscaremos información sobre o significado da reciclaxe e a súa importancia e pensaremos como podemos levala a cabo.	34	13	X		
2	Como podemos reciclar?	Interpretar as diferentes informacións obtidas na unidade anterior seleccionando os aspectos máis importantes. Toma de decisións sobre como elaborar un proxecto de reciclaxe no centro.	33	11		X	
3	Ensinamos a reciclar	Elaboración material do proxecto sobre a reciclaxe e a súa exposición ó resto das aulas.	33	11			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As tres "R"	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Comprender o porqué da temática do proxecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Cuidar e valorar os recursos empregados.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Saber seleccionar a información máis relevante.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realizar as tarefas paso a paso de maneira guiada.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Anticiparse aos problemas e ser quen de propoñer solucións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.</li> <li>- Planificación: secuenciación e temporalización.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Como podemos reciclar?	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Realizar as tarefas no tempo marcado.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Demostrar os coñecementos posuídos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar diversidade de recursos para a execución das tarefas.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Intentar resolver os problemas que poidan xurdir ou pedir axuda para dito fin.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Apreciar a execución con éxito das tarefas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Ensinamos a reciclar	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Expor o resultado final.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expresarse de forma adecuada.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Utilizar unha comunicación xestual adecuada.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Traballar dende o reforzo positivo evitando as emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar diversidade de recursos na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "As tres R".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na 1ª AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e descubrir que significan a tres R, con que están relacionadas, como podemos contribuir en cada unha delas...

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na 2ª AVALIACIÓN, terán que buscar toda a información recollida das tres R.

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)
- Libros e outro material libre
- Buscas na web

...

Nesta etapa, recollerán todo o material atopado e comezarán a elaboración do produto final (formato libre). Album de cromos, revistas, proxectos, exposición en murais, presentación dixital, cartolinas...

Na 3ª AVALIACIÓN, o alumnado presentará, o produto final.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha exposición nos corredores do colexio e farase un acto especial no día da Reciclaxe que é o 17 de maio.

Neste proxecto, trabállanse todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (relevancia histórica...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

#### **4.2. Materiais e recursos didácticos**

<b>Denominación</b>
Caderno de aula
Ordenador (aula de informática)

Cartolinas, pegamento, tesoiras, folios, temperas...

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula equipada cun encerado tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Ademais, empregaremos tamén a aula de informática que conta cun ordenador para cada nenp/a con conexión a Internet.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

#### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno onde se recolleu a información principal do proxecto (tormenta de ideas...).
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do caderno ou doutro material onde se recolla a información buscada (vídeos, webs...)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. (Formato libre). Cartolinas, posters, revistas...

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

#### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.3 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X
ET.7 - Espírito científico e emprendedor	X	X	X
ET.8 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X

#### Observacións:

Tal e como o seu nome indica, estes elementos son transversais ao currículo de todas as áreas, polo que deben estar presentes na totalidade de actividades que se plantexen, incidindo, como é lóxico, de diferente maneira en cada un deles, en función do tipo de tarefas que se desenvolvan.

Do mesmo xeito, de maneira puntual poden ser plantexadas actividades que, de xeito intencional, aborden contidos relacionados dunha maneira directa con algún destes elementos.



## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día Internacional da Reciclaxe. 17 de maio do 2023	Exposición de algunha das actividades realizadas ao longo do curso neste proxecto.			X

### Observacións:

Neste día realizarase a exposición, nalgún lugar do centro (corredores, na entrada, na biblioteca...) dalgunha das actividades realizadas polo alumnado ao longo do curso.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realízase unha avaliación inicial para adaptar a programación ás necesidades do alumnado
Houbo coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases
Existiu unha distribución temporal equilibrada
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado e elaboráronse sobre os seus coñecementos previos
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e permitiron facer un correcto seguimento do progreso do alumnado
Os criterios para unha avaliación positiva atopáronse vinculados aos obxectivos e aos contidos
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado e elaboráronse sobre os seus coñecementos previos
Metodoloxía empregada
A metodoloxía fomentou a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse e proporcionáronse recursos materiais variados
Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
Proporcionáronse actividades de reforzo ou ampliación de acordo coas necesidades dos/as alumnos/as
Clima de traballo na aula
O desenvolvemento da clase foi acorde ás características do grupo

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A programación realizouse de maneira coordinada co resto do profesorado
Mantívose unha comunicación e coordinación constante coas familias

**Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

**9. Outros apartados**